



CONCELLO
DA GUARDA

ACTA Nº 6	PLENO DO CONCELLO	
DATA DA SESIÓN: 27.07.2017	CARACTER: ORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA
LUGAR: SALÓN DE PLENOS	HORA: 20:00 HORAS	

PRESIDE: D. ANTONIO LOMBA BAZ – ALCALDE (PSdeG – PSOE)

ASISTENTES:

D ^a . M ^a MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
D ^a . ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D. PAULINO RODRIGUEZ GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CASTRO MARTINEZ	PP
D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
D ^a . ELENA ACEVEDO ROLÁN	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE (abandona a sesión cando se indica)	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
D ^a . M ^a MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
D ^a . M ^a DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	Non Adscrita

RAQUEL DUARTE NÚÑEZ	SECRETARIA
DAVID ARAGUNDE ARPPE	INTERVENTOR

Non asiste:

--	--

O Sr. Alcalde explica que se cambiou a data do Pleno porque o día que correspondía celebrar a sesión coincidiría co pregón da festa do peixe espada.

Neste momento, e de acordo co Regulamento do Pleno de Concello da Guarda, o Sr. Alcalde informa de que se presentou unha moción por vía de urxencia. É necesario votar dita urxencia, e se prospera, se debaterá ó final do punto das mocións. Non habendo ningunha.



PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (ORDINARIA de 26.05.2017)

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada o 26.05.2017.

Aberto o turno de intervencións, prodúcense as seguintes:

A Sra. Iglesias Ferreira di que na páxina 17 di que nas votacións do punto 3 da ordenanza da administración electrónica, aparece o seu voto en contra cando ela se abstivo na votación.

Na páxina 44 onde di: “2.- En Maior Álvarez e diante da cafetería.....” debería dicir: “2.- En Manuel Álvarez e diante da cafetería....”.

E no punto 4 onde di “Estamos contentos co que pode pasar este fin de semana co deporte guardés” aclara que no dixo iso, que o que dixo foi que estaba contenta con que houbera unha carpa celebrando o deporte guardés en balonmán, pero que os cristais do campo de fútbol estaban sen reparar.

Na páxina 45 onde di: “A Sra. Acevedo Rolán di que se lavará con Karcher...” debería dicir: “A Sra. Baz Rodríguez di que se lavará con Karcher...”.

O Sr. Rodríguez Fariñas di que segue tendo a mesma queixa de que ocupa máis espacio o texto das propostas que o debate en sí. Hai veces en que hai intervencións que ó reducilas xa non se entende moi claro o que se dixo nin cómo quedou a proposta.

Na páxina 17 deberían corrixirse as votación porque aparece que CG vota dúas veces. Aparece por erro a súa abstención.

Di que non vai a votar a favor da aprobación da acta, pide que se fagan máis visibles as intervencións dos grupos.

O Sr. Lomba Alonso di que sin entrar a discutir o tema da redacción de actas, porque sempre se cometen erros, e neste caso hai que dar un marxe a unha persoa que hai pouco tempo que se incorporou. Tamén é certo que deberíamos facer unha reflexión de nós mesmos como políticos e como políticas por cómo estamos levando os plenos na actual lexislatura. Eu compadezo a quen ten que facer as actas, porque a veces é complicado. O BNG vai a votar favorablemente as actas, en principio, salvo que nun segundo repaso vexamos erros importantes.

A Sra. Ortega Martínez di que o PP vai a votar favorablemente e lles gusta que quede constancia nas actas de que as preguntas e rogos do partido popular non se contestan nin no pleno nin nas actas.

Sometida a votación ordinaria a acta do 31.03.2017, foi **aprobada** por dezaséis votos a favor, do PSdeG-PSOE (sete), PP (cinco), BNG (tres) e concelleira non adscrita (un), e un voto en contra de CG.



PUNTO 2.- DAR CONTA DOS DECRETOS

A corporación dase por enterada.

PUNTO 3.- DAR CONTA REPAROS DE INTERVENCIÓN

Polo Sr. Alcalde dase conta da proposición data 18.05.2017, ditaminada pola Comisión de Asuntos Plenarios de 23.05.2017, que literalmente di:

“PROPOSTA AO PLENO

Estando xa en vigor a Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, faise imprescindible e inevitable a implementación da administración electrónica.

A presente ordenanza reguladora da Administración Electrónica do Concello da Guarda constitúe o marco a través do cal a administración municipal concreta, no seu ámbito organizativo e de acordo coas súas competencias, o desenvolvemento da implantación da administración electrónica.

Por todo o anterior, propono ó Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da Administración Electrónica do Concello da Guarda, que figura como anexo a esta proposta.

SEGUNDO: Someter o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións.

TERCEIRO: No caso de que non se presente ningunha reclamación ou suxestión entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde para a súa publicación e execución.”

Aberto o turno de intervencións, prodúcense as seguintes:

O Sr. Rodríguez Fariñas di que hoxe, en nome da Comunidade de montes da Guarda, estivemos falando con respecto á facturación de algo que o ano pasado xa terminou tendo problemas cun reparo. Estamos vendo que con esta factura presentada xa fai casi seis meses nos vamos a encontrar coa mesma situación. Pídlle que resolvan ese tema porque ao final vai terminar cun reparo e pasará ó ano que ven. E recórdolle que desa factura nós xa pagamos o IVE. Para evitar ese problema dos reparos eu lle pediría que se tomara un tempo e buscáramos unha solución ao problema.

A Sra. Ortega Martínez di que dirá o mesmo que o ano pasado. O listado de reparos tan longo e repetitivos que hai é unha enmenda á totalidade do que é a xestión do grupo de goberno. Hai todo tipo de reparos, por falta de contratación, por saltarse a orde de pago das facturas, etc. Algúns que me preocupan especialmente, como o reparo 3-2017 tiña que haber tido solución. Hai un mandato deste pleno para que houbera unha ordenanza para os pagos de emerxencia social e non a hai, e agora están reparados todos os pagos do ano 2017. Está reparado tamén o contrato das axudas no fogar. En asuntos sociais está reparado todo, e no resto de pagos, casi



todo. Este goberno non sabe xestionar. Se dan contratos a dedo, se incumple a normativa de contratos, se prometeu traer unha ordenanza a este pleno que non veu. Pasaron por aquí tres interventores e todos repararon o mesmo. Deberían escoitar ó pleno e ós interventores.

O Sr. Español Otero di que lle pediría á portavoz do PP que non mezclara churras con merinas. Non tes máis que mala intención. A normativa de contratación se cumpre. Hai reparos por falta de contratos que veñen de vello e temos que ir corrixindo pouco a pouco. Somos conscientes, e os técnicos tamén. Pero de aí á mala intención... pediríalle á portavoz do partido popular que os problemas internos que poidan ter non os traslade ó pleno.

A Corporación dase por enterada.

PUNTO 4.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL 3/2017

Polo Sr. Alcalde dase conta da proposición data 19.05.2017, ditaminada pola Comisión de Asuntos Plenarios de 23.05.2017, que literalmente di:

“PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA

Vistos os documentos que integran o expediente e considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artigo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, e o artigo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e visto, así mesmo, o Informe de Intervención, elevo ó Pleno a seguinte,

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Levantar o reparo emitido pola Intervención, en relación o R.E.C. nº 3/2017.

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 3/2017, por importe de 228.047,10 euros, co detalle que se recolle na relación anexa.

O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.”

Aberto o turno de intervencións, prodúcense as seguintes:

A Sra. Iglesias Ferreira di que non vai a entrar no debate, si o hai, porque puido participar na comisión de asuntos plenarios e polo tanto non vai intervir.

O Sr. Lomba Alonso di que, solventadas as dúbidas sobre algúns erros no estadillo de facturas que veñen a recoñecemento extraxudicial, o que lles preocupan os informes de Intervención. Se encadean contratos menores, ademais se nos di que probablemente serán necesarias transferencias de crédito de partidas do capítulo I, derivadas principalmente de xubilacións. Nos preocupa que en vez de investir en poñer persoal, se detraia o diñeiro para pagar facturas derivadas dun modo deficiente de xestión municipal. Son, no fondo, case os mesmos informes dende hai 10 anos. Deficiencias nas contratacións. O BNG somos partidarios de prestar os servizos con recursos propios. Estanse prestando servizos externos sobre funcións reservadas a



funcionarios. O BNG vaise ter que abster para que se paguen os servizos feitos. Pero non se está facendo de forma correcta. Entendemos que poda haber reparos puntuais, pero a cantidade de reparos que hai moitas veces son consecuencia da mala xestión por parte do grupo de goberno.

A Sra. Ortega Martínez lee o que di o informe de Intervención. Para que non se diga que invento. Eu repito o que din os técnicos. Si quere faga oídos xordos. Si quere malmeter, fágao, que é a súa forma de actuar, pero o que di o Partido Popular é o que din os técnicos.

VOTACIÓN.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por sete votos a favor do PSdeG-PSOE, un en contra do Sr. Álvarez Carrero, e nove abstencións, dos restantes membros do PP (catro), do BNG (tres), de CG (un) e da concelleira non adscrita (un) **ACORDA:** aprobar a proposición nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 5.- DAR CONTA DE SUBVENCIONS CONCEDIDAS Ó ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2017 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Vista a proposta de Alcaldía de data 19.07.2017, que literalmente di:

“Vistas as bases reguladoras da convocatoria do Plan de Obras e Servizo (PLAN CONCELLOS 2017) publicadas no BOP nº 249 do 30 de decembro de 2016 da Deputación de Pontevedra

En cumprimento da base décima de dito Plan onde di “ *As solicitudes deberán ser aprobadas mediante acordo do órgano competente do Concello, que indique expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, achegándose este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación. No caso de seren aprobados mediante decreto de Alcaldía ou ben acordo da Xunta de Goberno Local, daráselle conta de dita aprobación ó Pleno da Corporación municipal*”

Dáse conta o pleno do Concello da Guarda das seguintes subvencións, aprobadas polo concello e presentadas a Deputación Provincial de Pontevedra.

LIÑA 1: INVESTIMENTO OBXECTO	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
URBANIZACIÓN RÚA CAL DO Nº 138 Ó 152	54.998,40	54.998,40
URBANIZACIÓN RÚA SUBIDA A SAN AMARO ENTRE OS Nº. 1 E 12	160.216,68	160.216,68
SUSTITUCIÓN DE LUMINARIAS NA RÚA CONCEPCIÓN ARENAL	11.351,09	11.351,09
ACONDICIONAMENTO ROTONDA DE SAN ROQUE	28,981,11	28,981,11

Aberto o turno de intervencións prodúcense as seguintes:



O Sr. Lomba Alonso di botamos de menos que na liña 1 non apareza un acordo plenario de novembro de 2016 polo que na rúa San Caetano iba facerse a reforma ó abeiro do Plan Concellos 2017.

A Sra. Ortega Martínez di que xa se enterou desto pola prensa.

A Corporación queda enterada.

PUNTO 6.- CAMBIO DE DENOMINACIÓN DAS RÚAS 1ª E 2ª TRANSV. BECHOS

Polo Sr. Alcalde dase conta da proposición data 18.05.2017, ditaminada pola Comisión de Asuntos Plenarios de 23.05.2017, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

O artigo 75 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das Entidades Locais dispón que os concellos manterán actualizadas a nomenclatura e a rotulación das vías públicas e a numeración dos edificios, informando disto a todas as administracións públicas interesadas.

En sesión plenaria de data 31.03.2017 adoptouse o seguinte acordo:

<<15.- Moción conxunta da Comisión de asuntos Plenarios para que a rúa 2ª Transv. Bechos pase a denominarse Rúa de Vigo.

Preséntase unha moción conxunta da Comisión de Asuntos Plenarios que di:

“En recoñecemento á importancia que a cidade de Vigo ten e tivo para o Concello da Guarda, a Comisión de Asuntos Plenarios do Concello da Guarda, por unanimidade dos seus membros, PROPÓN ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Cambiar o nome da rúa 2ª Transversal Bechos que pasará a denominarse Rúa Vigo”

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:** aprobar a moción nos termos nos que quedou transcrita.>>

Visto que se produciu un erro na transcripción da moción, toda vez que a intención da Comisión de Asuntos Plenarios era a de propoñer a denominación rúa Vigo para as rúas 1ª e 2ª Transversal Bechos.

Considerando que co exposto explícanse sucintamente os motivos que xustifican o cambio de denominación, propoño ó Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Corrixir o erro detectado na moción aprobada no Pleno de data 31.03.2017, así onde di:

“Cambiar o nome da rúa 2ª Transversal Bechos que pasará a denominarse Rúa Vigo”



Debe dicir:

“Cambiar o nome das rúas 1ª e 2ª Transversal Bechos que pasarán a denominarse Rúa Vigo”

Segundo.- Proceder ó cambio de nome das rúas 1ª e 2ª Transversal Bechos polo de rúa Vigo.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística, á Oficina de Correos e Telégrafos, á Xerencia Territorial do Catastro e ó Rexistro da Propiedade, para os efectos oportunos.

Cuarto.- Notificar o cambio realizado ós habitantes afectados.”

Aberto o turno de intervención, prodúcense as seguintes:

O Sr. Alcalde explica que cando o funcionario iba a dar trámite á proposta deuse conta do erro.

O Sr. Lomba Alonso di que vai a votar favorablemente. Isto é consecuencia de cómo se fan as cousas. Si se fixeran con sosego non se cometerían estes erros.

VOTACIÓN:

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por UNANIMIDADE dos membros presentes, **ACORDA:** aprobar a proposición nos termos nos que quedou transcrita.

MOCIÓNS

PUNTO 7.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O PLAN DE MOBILIDADE SOSTÍBEL PARA O CONCELLO DA GUARDA

“EXPOSICION DE MOTIVOS:

Hai máis ou menos un ano, no pleno ordinario de xullo, aprobouse pola unanimidade dos grupo políticos unha moción presentada polo BNG na que se solicitaba ao goberno municipal a realización dun Plan de Mobilidade Sostíbel para a Guarda.

Anunciouse en prensa a sinatura de colaboración entre a Deputación e o Concello para a realización de dito plan.

O Plan de Mobilidade da Guarda foi realizado dende a participación de colectivos, así como de formacións políticas,...

Dende hai meses temos dito documento tanto no concello, como no poder das formacións políticas representadas, polo que xa soamente queda que sexa aprobado polo pleno do concello.

Debemos lembrar que este plan ten como obxectivo dar prioridade ás persoas, en especial a



aqueles colectivos máis sensibles como son os nenos e nenas, persoas maiores ou persoas con mobilidade reducida, deixando sempre nun segundo plano aos coches, motos,...

Non se trata de esquecernos do uso de vehículos nin do servizo que prestan, trátase de ter un concepto do espazo público como un dereito das persoas, que foi usurpado coa preponderancia que se lle dá ao vehículo ñas últimas décadas.

Unha das actuacións prioritarias é a construción dun novo acceso ao porto da Guarda, necesario e imprescindible para poner en valor as actividades portuarias e para deseñar un urbanismo moderno e conciliador coas persoas.

Polo tanto é difícil de entender que despois de ter feito todo este camino, este plan fiquese gardado nun caixón sen saber moi ben para que.

Para o BNG faise indispensable esta ferramenta que asegure un concello accesíbel en todas as súas facetas, facendo este concepto algo transversal en toda actuación que se realice dende o goberno da Guarda.

Polo anteriormente dito o grupo municipal do BNG pide ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

Acordo

- Que o grupo de goberno traia ao seguinte pleno como un dos puntos a tratar a "aprobación do Plan de Mobilidade da Guarda".

O Sr. Baz Vicente di que debería ser esta unha proposta asumida por todos. Se trata dun cambio de modelo para mellorar os problemas da Guarda cos espazos públicos. Este documento válenos para saber qué buscamos e tendo claro todos os grupos políticos un modelo onde primen as persoas fronte ós coches nos espazos públicos. É máis fácil así chegar a todas as institucións para levar a diante, entre outras cousas, o acceso sur ó porto; facer campañas de concienciación no uso do coche son cousas que se poderían ir facendo e o grupo de goberno non está facendo. Entendemos que o plan de mobilidade debería traerse ó pleno, que debería ser aprobado por todos, e poñernos a traballar todos nunha mesma dirección.

A Sra. Iglesias Ferreira di que non vai apoiar a moción porque lle parece que o que se pretende aprobar é un modelo do BNG. Fálase dos dereitos das persoas, estamos de acordo, pero é a cidadanía a que debe coñecer o plan e non de ser un plan da Deputación de Pontevedra, non debe ser un plan do BNG. Penso que a cidadanía debe coñecer o plan, porque ademáis hai que ter en conta algo moi importante que é que o plan ten afectacións urbanísticas e deberían poder presentarse incluso alegacións ou suxerencias. Gustaríame saber qué pensaría o BNG si o plan que se trouxera aquí fose feito por unha Deputación doutra cor. Non ten que ser a Deputación de Pontevedra o modelo da Guarda. Penso que debería ser un plan que teña unha visión de cara á cidadanía e debería ter un debate profundo. Hai que empezar a traballar pero antes de esa aprobación.

O Sr. Rodríguez Fariñas pregunta ó Sr. Alcalde si unha das obras que vai ós plans da Deputación, o cambio de luminarias en Concepción Arenal, ten algún tipo de incidencia sobre a



exposición que está facendo o BNG, sobre o tema de Concepción Arenal, que é un tema que está moi manido, pero pouco explicado e menos entendido. Cando se fala de que interviron todas as entidades sociais, hai unha cousa que non é certa. Tamén é certo que foi ás reunións quen quixo, eso tamén é certo. Pero si se poñen de acordo noutras cousas na Deputación, esto depende de vostedes, que son os que controlan a Deputación. Penso que a Guardia, aínda que necesite espazos para a xente que camiñamos, espazos para que podan xogar os críos, se pondan entreter as persoas maiores, etc, eu creo que temos algúns problemas, na miña opinión persoal, bastante máis fortes e máis urxentes do que estamos falando neste proxecto. Comparto o que dixó a concelleira non adscrita, que é un proxecto do BNG, eu non son do BNG e eu non vou a votar a favor dun proxecto co que non estou de acordo. É un proxecto que ven da Deputación, póñanse de acordo o PSOE e o BNG que son os que gobernan na Deputación.

A Sra. Ortega Martínez di queremos escoitar ó grupo de goberno pero nós tampouco somos do BNG e cremos que é un proxecto do BNG e ademáis casi é un corta e pega en todos os concellos nos que a mesma empresa os fixo. Creo que non o vamos a apoiar pero queremos escoitar ó grupo de goberno.

O Sr. Español Otero di que calquera documento deste tipo, o plan de mobilidade ou outros plans que se elaboraron ao longo destes anos no Concello da Guarda e que non viñeron a pleno, serven como folla de ruta, ou como documento de consulta para tomar determinadas decisións ou non tomalas. Ten unha certa lixeireza a petición de traer aquí o plan de mobilidade para aprobar. Non está gardado nun caixón, é coñecido por todos os membros da corporación, se entregou porque ese era o compromiso. De aí a darlle unha aprobación no pleno, aínda que haia contado con certa participación cidadá e de colectivos a súa elaboración, entendemos que tería que someterse a todo un proceso. Habería que darlle unha aprobación inicial e unha definitiva. E nese tránsito de tempo todos os veciños e grupos poderían presentar suxerencias ou alegacións, como dicía Fany. Eu sería o primeiro en presentar algunha. Non porque o fixera a Deputación provincial.... sei que se var rir alguén, pero como dixen nalgunha ocasión, eso non é palabra de Dios. É un documento interesante pero non é un documento que a todo o mundo lle teña que valer porque si. Das distintas intervencións se pon de manifesto que é un documento que non conta cun consenso. Porque si contara cun consenso non se estaría debatindo nos termos nos que se está facendo. A min non me importa que sexa do BNG, si é do BNG e me gusta e está ben, como si é do PP. O importante é que sexa un documento co que estés de acordo. Como moito, o compromiso que pode adquirir o grupo de goberno para o próximo pleno é de dar conta do documento. Pero non nos parece que esté en condicións de ser aprobado.

O Sr. Baz Vicente di contestar á concelleira non adscrita en canto a que a cidadanía non o coñece. Precisamente si traemos esto aquí é precisamente para que a cidadanía o coñeza. O BNG está facendo esforzos para que a cidadanía o coñeza e si algún outro partido quixera facelo tamén o tería feito. Si falamos de que está nun caixón é porque moita xente o colleu e o agachou. O BNG leva tempo falando de mobilidade sostible, incluso ten feito algunha assemblea aberta sobre o tema. Dende o grupo de goberno tamén se poderían facer iniciativas de uso responsable do coche e outro tipo de actuacións. O plan de mobilidade vai máis alá de arreglar unha rúa. É un cambio de modelo e tamén un cambio na forma en que vivimos neste pobo para unha forma máis saudable e mellor. Dicar que é un plan do BNG está un pouco de máis. A mellor forma de facer achegas é ter un debate. Queremos que sexa un plan de todos. Hai que falalo. O motivo desta moción non é aprobar o plan, é traelo a pleno para poder falar sobre el.



A Sra. Iglesias Ferreira di que con esta moción o portavoz do BNG defende a bombo e platillo novamente o novo acceso ó porto da Guarda que nunca apoiou o BNG neste plenario. Ninguén dixo que non fora un documento interesante. O documento paréceme interesante pero non conta co consenso necesario.

O Sr. Rodríguez Fariñas di no noso local non está nun caixón, está na parede e damos explicacións á xente sobre a nosa opinión. Igual mellor era traer ó pleno unha serie de actividades para dar coñecemento do plan á cidadanía.

VOTACIÓN.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por tres votos a favor do BNG e catorce en contra do PSdeG-PSOE (sete), do PP (cinco), de CG (un) e da concelleira non adscrita (un) **ACORDA:** non aprobar a moción.

PUNTO 8.- MOCIÓN DO PP PARA INSTAR AO CONCELLO DE A GUARDA A SINALIZAR HORIZONTALMENTE OS PASOS DE CEBRA NA RÚA CONCEPCIÓN ARENAL, E A COLOCAR UN ESPELLO PANORÁMICO NA CURVA DO CONVENTO

O Pleno por dezaseis votos a favor do PSdeG-PSOE (sete), do PP (cinco), do BNG (tres) e da concelleira nos adscrita (un) e unha abstención de CG, apróbase a inclusión deste punto na orde do día.

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa o solicitamos varias veces en rogos e preguntas, e a última vez o equipo de goberno contestou que "iso é un problema da Deputación".

Os guardeses están fartos de levar sustos ao cruzar a rúa Concepción Arenal polos lugares que estaban marcados con cebreado. Temos numerosas queixas de que os condutores foráneos, ao descoñecer os sitios de paso de peóns, increpan aos que queren cruzar. Tamén de persoas maiores que teñen que esperar a que non pasen coches para pasar, xa que moitos non paran.

Como se trata dun asunto de SEGURIDADE VIAL, e nestas datas aumenta o número de visitantes e polo tanto de vehículos, consideramos que os responsables do equipo de goberno TEÑEN A OBRIGA de solucionar este asunto.

Señor alcalde, pero como pode dicir que é un problema da Deputación? O problema é dos guardeses de a pe, e vostede ten que esixir a Deputación que se pona a marcar os pasos de cebra pero XA.

POR TODO ELO, O PARTIDO POPULAR DE A GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE E APROBACIÓN, SI PROCEDE, A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o equipo de goberno esixa á Deputación de Pontevedra que proceda



urxentemente a realizar a sinalización horizontal dos pasos de cebra na rúa Concepción Arenal.

Ademáis, que instale un espello panorámico na curva do convento.”

DEBATE.

A Sra. Ortega Martínez di que igual teñen que retirar parte desta moción porque o grupo de goberno fai uns días pintou os pasos de cebra. Propono votar só sobre os espellos panorámicos.

O Sr. Español Otero di o noso grupo non considera que isto teña carácter de moción, sinon de rogo. O espello panorámico non temos claro, nin siquera como rogo, que haxa que poñelo alí.

A Sra. Ortega Martínez di que acepta pasar a rogos o tema do espello, pero aclarar que xa se trouxo máis veces en rogos e non se fixo caso, por eso se trae como moción.

PUNTO 9.- MOCIÓN DO PP PARA INSTAR AO GRUPO DE GOBERNO A MODIFICAR O REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL DO CONCELLO DE A GUARDA

O Pleno por dezaseis votos a favor do PSdeG-PSOE (sete), do PP (cinco), do BNG (tres) e da concelleira nos adscrita (un) e unha abstención de CG, apróbase a inclusión deste punto na orde do día.

“EXPOSICION DE MOTIVOS:

Todos os anos cando se convoca a comisión de baremación das solicitudes de entrada, na escola Infantil da Guarda, xorden problemas derivados do regulamento.

Por exemplo este ano, entre outros houbo problemas ca consideración de pais que están na situación de excedencia laboral, ca definición de familia monoparental, problemas co ano en que se consideran os ingresos, e un dos problemas que máis nos denuncian os pais, e a discriminación das solicitudes de entrada de nenos con proxenitores que traballan.

Nos somos conscientes e apoiamos que economicamente teñan condicións diferentes e por tanto subvencionada na contribución económica dos pais, si se atopan en paro. Pero non se pode discriminar no acceso os nenos de pais que traballan, xa que vai en contra da conciliación familiar que tanto defendemos todos.

Tampouco queremos matizar mais os cambios que hai que facer, mais que as liñas xerais que dimos en anterior parágrafo, xa que buscamos un



consenso con outras forzas, pero consideremos que o regulamento do réxime interior das escolas infantís (Galiña Azul) integradas no Consorcio Galego de Benestar nos pode dar unha orientación cara a de onde facer as modificacións.

Por iso dende o consenso da corporación vimos a pedir apoio para cambiar o regulamento, adáptalo a realidade económica, de traballo, e familiar das familias.

POR TODO ELO, O PARTIDO POPULAR DE A GUARDA PRESENTA AO PLENO MUNICIPAL PARA O SEU DEBATE E APROBACIÓN, SI PROCEDE, A SEGUINTE MOCIÓN:

Que o equipo de goberno en colaboración cos servizos de asuntos sociais, como non pode ser de outra forma, redacte e traia a pleno para a súa aprobación unha modificación do actual regulamento da organización e funcionamento de Escola Infantil.”

O grupo de goberno, antes de entra no debate, pide facer unha proposta.

A Sra. Magallanes Álvarez di que quere facer unha proposta no apartado resolutivo da moción que presenta o partido popular no sentido de que, como no propio texto se fala dunha serie de cuestións susceptibles de melloras e a intención do equipo de goberno e de todos os grupos é tratar de mellorar as ordenanzas. Como xa existe esa comisión de baremación na que están presentes todos os grupos políticos que están aquí representados, e tamén os propios técnicos de servizos sociais, propoño ao partido popular, e se estades de acordo os demais grupos, que o texto veña a dicir o seguintes: que polos grupos aquí representados se realizaran unha serie de propostas para mellorar a redacción deste regulamento, para que sexa esa comisión de baremación, unha vez emitidos os pertinentes informes técnicos de servizos sociais, a que as estude e acorde un texto definitivo.

DEBATE

A Sra. Iglesias Ferreira di se trata dunha moción que me deixa descolocada por varios motivos. En primeiro lugar, polo título. Non digo que non esté de acordo co que se di, pero se fala de instar ó grupo de goberno a modificar o regulamento. Penso que non é o grupo de goberno quen ten que modificar o regulamento, porque é unha competencia plenaria. Na parte resolutiva fálase de que se traia ó pleno para a súa aprobación unha modificación, pero non se dí o qué, non se sabe qué. Por eso non sei o que iríamos votar. Ademáis, como acaba de dicir Montse, seguramente habería que facer modificacións en todos os regulamentos. Votando esto non sei o que estou votando. Estamos dando ó grupo de goberno unha potestade de traer unhas modificacións, pero tampouco sabemos cales. Ó mellor o que deberíamos facer, neste caso o partido popular, é traer o PP esa modificación e logo votala.

O Sr. Rodríguez Fariñas di que xa fai uns meses fixemos unha queixa. Hai unha contradicción entre o que di o noso regulamento e o que di o regulamento da Xunta de Galicia. Presentámolo



por escrito, do que nunca tivemos resposta, o típico, e non sabemos en qué quedou o tema. Non pode ser que, sin matizar cal é a documentación que teñen que presentar os pais dos rapaces, se diga que se presente a última declaración da renda. A última, non hai máis matiz. A Xunta, polo menos, matiza cal é a renda que ten que presentar. A queixa de que non hai espazo para os nenos daqueles pais ou nais que están traballando, e se lles de preferencia a unha serie de xente que, posiblemente os seus fillos teñan que estar na guardería, pero ó mellor tamén poden estar co seu pai ou coa súa nai. Ao mellor podemos dar unha volta polas praias e vemos que xente ten o neno na guardería e que pai ou que nai está na praia. En cambio a xente que está traballando, eu creo que ten unha penalización por traballar, con respecto a ter plaza na guardería. Díciase nunha época neste país que cando había un tema que non nos interesaba que se resolverse se creaba unha comisión de seguimento e así nunca se resolvía. Termos un feixe de ordenanzas que hai que anular e a maioría delas están aí sin que se haxa feito nada. E facía referencia Fany, entre elas, á da praza de abastos. Na mesa de comercio se falou dese tema, se presentaron alegacións, e a día de hoxe, un ano despóis, non sabemos cómo está o tema. E deso non falamos. Polo tanto, da mesma maneira que se lle di ó partido popular, creo que con toda lóxica, que ten que aportar un texto, nós cremos que ten que haber un contrateito daquelo co que se encontra todos os días a xente que traballa en servizos sociais, pero tamén do grupo de goberno que é coñecedor de toda a cantidade de problemática que ten a guardería. Volver a reunirmos en setembro, ou cando vaia a haber a próxima mesa, vai significar que mentres se fala, se consensúa, se trae, se aproba, se expón, alegacións, etc, estamos falando da xente que vai a entrar na guardería no ano 2019. Eu creo que non debera se así. Polo tanto, creo que tería que facerse doutra forma, máis áxil, máis rápida e os problemas principais que ten o regulamento poder cambialos nun prazo breve.

O Sr. Lomba Alonso le o texto dunha proposta do BNG que foi aprobada por unanimidade no pleno de 27.11.2015 sobre a guardería municipal. ¿Qué se fixo ata agora? É o que boto de menos do grupo de goberno, porque nós xa temos aprobado como plenario este acordo, podemos volver a aprobalo. Vamos a apoialo, evidentemente, pero teñen que ser os servizos do concello, os técnicos e o grupo de goberno, que para eso está, quen veña cunha modificación. Salvo que eles consideren que non é necesario. Pero nas comisións de baremación todos estabamos de acordo en que isto ten moitas eivas, a primeira, a insuficiencia de prazas. Fuxiuse do compromiso de ampliar o número de prazas cando houbo a oportunidade, incluído o PP. Hoxe todo o mundo di o mesmo, necesitamos unha gardería nova, loitemos por esa gardería nova. O grupo de goberno terá que dicir algo do que se leva facendo dende novembro de 2015.

O Sr. Alcalde pregunta si se acepta a modificación proposta na moción polo grupo de goberno.

A Sra. Ortega Martínez gustaría saber cómo quedaría o texto.

O Sr. Alcalde di que o apartado resolutivo quedaría do seguinte xeito: “Acometer dende a comisión de baremación da escola infantil, unha modificación do regulamento de organización e funcionamento da escola infantil do Concello da Guarda.”

A Sra. Ortega Martínez pregunta á concelleira si teñen que ser os grupos políticos os que fagan a modificación ou teñen que ser os técnicos. Porque creo que sí se necesitan os técnicos.

O Sr. Alcalde di que ó final quen a van a aprobar van a ser os políticos.



A Sra. Ortega Martínez di que si hai un compromiso de que se vai a traballar. Estando de acordo en parte co que dixo Xan, hai cousas a medio prazo e hai outras inmediatas. Hai uns nenos que van a entra na guardería en setembro. Isto é o que hai que intentar solucionar. E hai outro problema que hai que mostrar no Consorcio. Pero mentres, qué solución lles damos ós pais que traballan e que seguramente si o regulamento fora de outra forma sí que poderían entrar? Hai que modificalo. Si hai un compromiso do grupo de goberno de que se vai a cumprir a proposta, acepto o novo texto da moción.

O Sr. Alcalde volve a expor o términos da nova proposta: “Acometer dende a comisión de baremación da escola infantil, unha modificación do regulamento de organización e funcionamento da escola infantil do Concello da Guarda.”

O Sr. Álvarez Carrero pregunta ¿pero estades dispostos a cambiar o regulamento? É que ata agora estabades enrocados en non cambialo.

A Sra. Magallanes Álvarez di estamos abertos a mellorar todas as ordenanzas á vista dos casos que se platean no día a día. Para eso está a comisión de baremación. A día de hoxe temos o regulamento que temos. Entendemos que o regulamento dá solución ás necesidades da guardería. ¿cál é o problema de fondo? Non a ordenanza, sinón a falta de prazas. Vimos entendendo durante estes anos que a guardería tiña que ter un carácter social, que era o que viñamos aplicando nese regulamento. Si o plenario entende que hai que modificalo, estamos abertos ás propostas que se podan presentar e debatilas na comisión de baremación cos técnicos.

O Sr. Rodríguez Fariñas di que o discurso é moi bonito, pero falta o fundamental. Vamos a facer, vamos a facer, vamos a facer, pero pregunto ¿cando, cando, cando? Si non houbera esta moción, a nadie lle interesaría este tema. E mentras tanto, hai parellas que terán que levar ós fillos a guarderías de fora, porque os pais que traballan están en peor condición. Creo que o que se di da comisión de baremación vai ser unha perda de tempo, como o foi ata agora.

VOTACIÓN

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por dezaseis votos a favor do PSdeG-PSOE (sete), do PP (cinco), do BNG (tres) e da concelleira nos adscrita (un) e unha abstención de CG, ACORDA aprobar a moción nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 10.- MOCIÓN ASUMIDA POR C.G. PARA PROMOCIONAR A PARTICIPACIÓN POLÍTICA DAS MULLERES

O Pleno por dezaseis votos a favor do PSdeG-PSOE (sete), do PP (cinco), do BNG (tres) e da concelleira nos adscrita (un) e unha abstención de CG, apróbase a inclusión deste punto na orde do día.

“PROPOSTA DE MOCIÓN AOS GRUPOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE A GUARDA CO FIN DE PROMOCIONAR A PARTICIPACIÓN POLÍTICA DAS MULLERES



"ADAVAS - ASOCIACIÓN DE ASISTENCIA A VÍTIMAS DE AGRESIÓNS SEXUAIS E VIOLENCIA DE XÉNERO- con CIF G94139987 é unha asociación non gubernamental, con sede en Tomiño e área de actuación na Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente na comarca do Baixo Miño. O alicerce do noso labor é a prevención da violencia sexual e a violencia machista. Dentro dos nosos obxetivos están tamén sensibilizar, informar e asesorar á sociedade, a colectivos e a particulares, e aos/as profesionais sobre a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, promocionar o desenvolvemento de calquera actividade encamiñada á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e promover a participación e a presenza das mulleres na vida política, económica, cultural e social.

A través da nosa Presidenta Ana Belén Vicente Pérez, con DNI 02875770 B presentamos á consideración dos grupos políticos do Concello de A Guarda, unha proposta para que eleven unha moción ao Pleno e no seu caso aproben, o inicio dos traballos para constituír un Consello das Mulleres Municipal do Concello de A Guarda, na seguridade de que contará co seu apoio.

Os Consellos Municipais das Mulleres son un órgano de participación das mulleres no ámbito local, que teñen que velar polas condicións que posibilitan a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a plena participación das mulleres na vida cidadá, política, económica, social e cultural, logrando a incorporación da perspectiva de xénero nas políticas municipais e que a voz das guardesas sexa escoitada e tida en conta.

Tal é como establece a FEMP no seu guía para a Constitución dos Consellos Municipais das Mulleres a creación destes consellos son fundamentais como órganos de consulta e asesoramento en política local de igualdade así como de asociacións de mulleres que desenvolvan a súa actividade no marco da política local de igualdade, co fin esencial de servir de canle para a participación activa e transparente das mulleres en asuntos como a incorporación da perspectiva de xénero no deseño de pobos e cidades, nas políticas urbanas, a definición e execución do plan urbanístico ou a organización do tempo do seu pobo ou cidade.

Ademais de ser organismos de representación, participación e interlocución entre o movemento asociativo de mulleres e a administración local para a toma de decisións sobre as políticas públicas destinadas á consecución da igualdade efectiva de mulleres e homes no ámbito local, os Consellos Municipais son claves para chegar a acordos en canto á seguimento, avaliación e elaboración dos sucesivos Plans de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Municipio de A Guarda. Así como das propostas a ter en conta na conformación dos orzamentos públicos, posta en marcha de proxectos de creación de redes telemáticas, etc.

Trátase en suma dunha Acción Positiva que favorece o Empoderamiento das mulleres na vida pública.

A posta en marcha do Consello das Mulleres para A Guarda, entendemos que é fundamental para definir a elaboración, o desenvolvemento e o seguimento do Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Municipio de A Guarda, é ademais



unha medida de escasos custos para o Orzamento Municipal. Desde ADAVAS comprometémosnos a traballar de xeito conxunto co persoal técnico municipal na elaboración dun Regulamento que regule a implementación do Consello, comprometéndonos a facelo de maneira altruísta.

Ante isto ADAVAS presenta a todos os grupos Municipais do Concello de A Guarda, e ante a súa Comisión Informativa esta proposta para que sexa sometida a debate plenario, e os grupos políticos que decidan apoiala voten favorablemente a seguinte moción no Pleno do Concello.

MOCIÓN

O Pleno do Concello de A Guarda acorda iniciar os traballos de redacción dun Regulamento do Consello Municipal das Mulleres de A Guarda, e que para iso convoque reunións coas asociacións de mulleres do Municipio e da contorna."

O Sr. Rodríguez Fariñas di eu creo que o texto está máis que claro. Se está plantexando que se poña na maioría dos concellos, e especialmente na zona de influencia da asociación, que é o Baixo Miño. Nós aquí a parte de te a oficina da muller, e ter en marcha, creo que estabamos co segundo plan de igualdade, non sei si sigue ou non sigue, pero sí que temos algún do traballo xa feito. Tamén teño que dicir que despois de que se celebrara a comisión de asuntos plenarios, os medios de comunicación, o día 25 de xullo, a parte de falar dos actos en Santiago, tamén informaban de que o Congreso acaba de aprobar un pacto de Estado contra a violencia de xénero. Xa é un compromiso cunha serie de diñeiro, non se queda xa nunha mera declaración institucional. La Voz de Galicia di que tamén fai que os concellos teñan unha participación activa nesta política que se quere poñer en marcha sobre a defensa integral das mulleres na loita contra esta lacra. Si o Estado pon en marcha esto, unha parte do traballo está feito, e por tanto eu o que pido é que se aprobe a solicitude que fai a asociación e unha vez que esto esté en marcha, que se teñan as reunións que faga falta coas distintas asociacións de mulleres. E dende o concello se poñan en marcha todas aquelas iniciativas que sexan válidas para atender, non so ás nais, senón tamén ós nenos.

VOTACIÓN

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por UNANIMIDADE dos seus membros presentes, ACORDA aprobar a moción nos termos nos que quedou transcrita.

PUNTO 11.- MOCIÓNS DE URXENCIA

Non hai.

PUNTO 12.- ROGOS E PREGUNTAS



Rogos e preguntas da Sra. Iglesias Ferreira

1.- Non sei cal foi o procedemento para cambiar a data do Pleno. Estase incumprindo o regulamento orgánico. Si se cumprira, igual me daba tempo a asisitir á Comisión de Asuntos Plenarios. Mande un correo electrónico á Secretaria para avisar de que non estaba.

2.- Solicitar revisar a 2ª Transversal Coruto Vello porque houbo un escape de auga. Foi a policía local paro parte da tubería non quedou ben. Nesa zona de Salcidos, pedir que se faga algunha actuación cando haxa partida.

3.- Trasládame os veciños a pregunta de por qué se deixa a basura fora cando alguén mete basura donde non corresponde. Porque queda días e días fora, se chama ó Concello e se di que se está investigando. Non é culpa do Concello, pero debe solucionarse.

O Sr. Rodríguez González di que xa se deu orde e fai cuestión de quince días que non está pasando.

4.- Hai cascotes caendo dunha casa en Donantes de Sangue. ¿Se tomaron medidas?

O Sr. Español Otero di mandei á policía local.

5.- Rogo sobre os pasos de peóns.

O Sr. Rodríguez González di tamén á Xunta lle transmitimos que os pasos que non se vexan que tamén os pinten.

6.- Na inauguración do monolito, unha cuestión estética, había unha mancha de graxa no chan. É unha pena o aspecto que daba.

O Sr. Alcalde di que se intentou sacar pero non foi posible.

O Sr. Español Otero di que se seguirá intentando, chamarase a alguén.

7.- Arreglar os mástiles das bandeiras, que están en mal estado.

8.- En canto ás obras, falando coas empresas, cando unha fin de semana non se fan traballos, que deixen a maquinaria recollida para dar máis accesibilidade á rúa, na medida do posible.

9.- Na rúa Vicente Sobrino hai dous contedores verdes novos, pero hai moitas moscas. O camiión da marcha atrás e é posible que desprenda algo de líquido. Tamén hai persoas que fan as súas necesidades alí. Nesta época hai que vixialo máis.

Ademáis a cabina de teléfono que hai alí está en moi mal estado, sería aconsellable retirala.

A plazoleta está sucia. Debería o grupo de goberno pasar por alí, vela e limpala.

10.- As rotondas de entrada á Guarda seguen igual. O grupo de goberno barallaba poñer un castro ou vivenda castrexa, e é unha pena que non se fixera xa.



O Sr. Español Otero di que foi no dar conta.

11.- Saber qué Deputado Provincial está designado no Pleno do Padroado, porque non veu a ningún.

O Sr. Alcalde di que é Uxío Benítez.

12.- Na subida a Enrique María Sesto, arriba, necesítase sinalizar dalgunha maneira porque os coches siguen parando alí.

O Sr. Español Otero di que é certo, e xa se ten sancionado.

A Sra. Iglesias Ferreira di que non fala de aparcas, senón de que non paren, de que é vía prioritaria.

O Sr. Español Otero di que paren igual é mellor.

A Sra. Iglesias Ferreira di que é un cruce complicado.

Rogos e preguntas do Sr. Rodríguez Fariñas

1.- Empezarei polas pendentes que non se contestaron. Segundo o asesor xurídico do Alcalde, nunha das sesión de urbanismo, as persoas que están facendo obras menores teñen a obriga de telo indicado na porta. Non vin ningunha. Permiten que a xente faga obras con e sin licencia. Insistirei ata que me contesten. Si é unha obriga, o Alcalde e o Concelleiro de urbanismo son responsables de que non se cumpla.

2.- Sobre unha denuncia en Camposancos, se nos dixo que hai un expediente aberto para declarar unha ruina ¿Se fixo algo?

3.- Miguel me dixo con respecto ó concerto do camping que ó Seprona se lle mandou documentación. Pero o Concello tamén debería ter un expediente aberto. Pido que se nos deixe ver.

4.- Estase incumprindo ó non dispor dun libro de urbanismo onde consten as licencias que se están dando. Levo dous anos pedíndoo.

5.- Para Montse, no pasado Pleno falamos de que se lle dera orde ó funcionario Crespo de que se lle dera trámite ós expedientes de responsabilidade patrimonial pardas dende 2015. Non se fixo nada.

6.- No Pleno de maio acordamos pasar mocións a rogos, asumindo o compromiso de facerse.

Non se fixo nada respecto a ponerse en contacto coas asociación para a formación e primeiros auxilios.

Non se fixo nada sobre espazos acotados nas praias para cans, para poder acceder cos animais.



O Sr. Español Otero di que eso é complicado porque acotar non é posible. Seguramente teremos que traballar nunha ordenanza.

7.- Sobre inspección de solares e vivendas que amenazan ruina, ¿se fixo algo? Hai denuncias de xente que vive rodeada de edificios que supoñen moito perigo.

8.- No acto no Castelo de Santa Cruz a xente saía co teléfono prendido porque non había iluminación. Hai queixas de moita xente.

9.- Na 3ª Transversal a Cruz hai dous anos que pedín as raias amarillas. Estamos en espera dun informe do asesor xurídico do Alcalde e cando se lle pregunta di que xa o fará cando queira porque Ramón é amigo meu.

10.- O traspaso do centro de saúde á Xunta, ¿cómo está?

11.- Do mes de abril para aquí, ¿cántos contratos se renovaron dende o Concello?

12.- Transmitíronme que se había feito unha reclamación contra a contratación do arquitecto municipal. Dixéronme que o Colexio de Arquitectos presentara unha demanda contra a contratación.

O Sr. Alcalde di que é unha demanda impugnando as bases de contratación de arquitecto. Algúns enxeñeiros e o Colexio de Enxeñeiros fixeron unha reclamación das bases porque queren que incluíamos a enxeñeiros de camiños e outros. Nós non aceptamos esa modificación e foron a pleito. O Concello quere un servizo de arquitectura, non de enxeñería.

13.- No conservatorio se vai a facer algo parecido ó centro de saúde. Hai comentarios de que se vai a traspasar á Xunta para a súa xestión.

O Sr. Alcalde di aquí non fixemos nada.

14.- Co tema da estación marítima ¿temos algo avanzado?

O Sr. Español Otero di que o arquitecto técnico emitíu un informe sobre a situación na que está a obra.

15.- O pago da débeda, ¿en qué situación está?

A Sra. Magallanes Álvarez di se che contestou nalgún escrito.

16.- En canto á nova normativa sobre os pisos turísticos ¿o Concello vai a elaborar unha ordenanza?

A Sra. Magallanes Álvarez di que o articulado foi reclamado e parece máis correcto esperar a que as alegacións se resolvan.

O Sr. Rodríguez Fariñas di temos que facer un inventario de cántos temos na Guarda.



17.- Miguel, temos un grupo do GES que vai con camisetas de bombeiros, e na Guarda non temos bombeiros. Damián comentoume algo dun curso na Estrada.

O Sr. Español Otero di que saiu un curso para a xente que aprobou pero quedou sen praza no seu día. Se lles comunicou que tiñan esa posibilidade e Damián, e non sei se alguén máis, fixo ese curso.

18.- O Convenio colectivo do Concello obriga a dotar ó persoal do equipamento. Falo do servizo de axuda a domicilio.

Rogos e preguntas do BNG

1.- O tema da rúa do Porto. Temos convenio con Portos ¿se vai a instalar o bolardo?

O Sr. Alcalde di que dende o 8 de xullo de 2017, pero a persoa que ten que autorizar non está estes días.

2.- Hai corrente por dentro das balizas e pode ser peligroso.

A Sra. Magallanes Álvarez di que poden haberse desprazado.

3.- Pedimos un panel informativo dos perigos que pode ter o río. Botamos en falta a convocatoria dunha plaza de patrón-

O Sr. Español Otero di que a Xunta non o subvenciona dende fai uns anos.

A Sra. Magallanes Álvarez di que aínda así dende o Concello intentamos que algunha persoa co curso de patrón e que coñeza o río cubra a embarcación, pero os recursos cos que contamos son os que son. Non é fácil contar con xente co título e con experiencia e coñecemento do río.

4.- Solicitamos a colocación dun contenedor máis amarelo na zona do Carreiro e un de cartón.

5.- Solicitamos copia do proxecto da rúa Cal e das obras de San Amaro.

O Sr. Español Otero di que os teñen á súa disposición.

PREGUNTAS

- No pleno de 27.11.2015 o BNG presentou unha moción sobre a guardería, aprobada por unanimidade. ¿qué se fixo dende o grupo de goberno? ¿tiveron algunha reunión coa Xunta?

O Sr. Alcalde di que si, porque é un compromiso do presidente da Xunta ampliar as prazas. Tivemos unha solicitude permanente de reunión. E conseguimos algunha, pero seguimos pedindo reunións e si reiteras a petición pasa á cola. Entende que o problema de falta de prazas é grave. Solicitamos que nos incorporasen ó consorcio da Galiña Azul e o aumento de prazas. Para o primeiro o procedemento é moi lento, seguimos esperando. Para o segundo redactamos un anteprojecto de ampliación da gardería e unha memoria valorada e proxecto de nova



gardería. A Consellería terá que decirmos cal das opcións prefere. Tardan moito en recibir, a última xuntanza foi en xaneiro.

Sendo as 22:12 horas abandona a sesión o Sr. Baz Vicente.

-Hai exactamente un ano acordouse por unanimidade a reforma da rúa San Caetano, dentro do plan concellos 2017, levamos máis de medio ano andado deste 2017 e non temos noticias de cándo vai ir esta obra ¿Vai a incluírse no Plan Concellos?

O Sr. Español Otero di que a primeira fase San Caetano está redactándose. Entra non Plan Concellos 2018.

- ¿Xa se teñen escollido os lugares para colocar os puntos de expresión social? ¿Cántos van ser? ¿En qué lugares? E ¿cándo se van instalar? Porque hai un acordo plenario que di que se teñen que poñer en marcha.

- Na urbanización Castelo de Santa Cruz hai un aparcamento subterráneo. ¿En qué situación está? Porque son un gran número de prazas que están inutilizadas. Non ten que contestarse agora mesmo. Pode ser por escrito pero moi clariño e sobre todo ¿qué pasos se pensan dar? Ademais a zona está en mal estado.

- Centro de saúde. ¿qué xestións se teñen realizado para transferir o mantemento? ¿teñen solucionada a titularidade dos terreos? A primeira vez que fixemos esta pregunta foi hai dez anos.

A Sra. Magallanes Álvarez di que a dificultade e a tramitación é complicada e encalla entre o notario e o Rexistro da propiedade. Pero estas dificultades as teñen todos os Concellos.

O Sr. Alcalde di que dende o 13.06.2017 se está tratando co notario e co rexistrador.

O Sr. Español Otero di que en novembro de 2015 houbo variacións na lei que fan máis complicado inmatricular porque teñen que coincidir os datos co catastro, etc.

- No último pleno aprobamos inicialmente a ordenanza de Administración Electrónica é un sistema novo e os traballadores do Concello nos din que están tendo problemas de adaptación. Pensamos que agora ía ser máis rápido dar contestación ós concelleiros, pero séguese sen contestar. Víñase facendo coa administración tradicional e séguese facendo.

ROGOS

-Solicitar que se actualice a web do Concello, sobre todo no que atinxe ás actas.

- Na rúa Mariano Ordoñez hai queixas sobre sacos de area dende o ano pasado.

- Nesa mesma rúa hai un silveiro ó lado dos sacos.

- Limpar as escolas de Camposancos e Salgueiró.

- Limpeza das rúas detrás do campo de fútbol.



- Arranxo da rúa Salgueiró en Camposancos. Hai unha veciña que non pode andar coa silla de rodas por alí.

O Sr. Español Otero di que a semana que ven se fará.

- Saber cada canto tempo recollen o lixo na praia do Muiño. Dende o venres ata o luns ás 10:00 da mañá non se foi recoller.

O Sr. Rodríguez González di que teñen orde de ir todos os días.

- Arranxar as beirarúas dende o parque da finca do crego, en Camposancos, ata o final da acera indo hacia o cemiterio.

O Sr. Español Otero di que son da Xunta, non lle corresponde ó Concello.

- ¿Qué xestións se fixeron dende o último pleno sobre as prazas das residencias para maiores?

Rogos e preguntas do Partido Popular

O Sr. Alonso Álvarez di que na mesa onde se vía o rexistro antes hai unha persoa traballando. Unha funcionaria deixoume o seu sitio, pero pido que se habilite un lugar apropiado. Agora non están todos os documentos do rexistro en papel ¿cómo accedemos a esos documentos?

O Sr. Español Otero di que a empresa quedou en solucionar eso. Foi unha consulta que se lle fixo.

O Sr. Alcalde di deberiades quizá ter acceso a un listado do rexistro e pedir os documentos que necesitedes para o exercicio da vosa función.

PREGUNTAS.

1.- A primeira para aquel concelleiro que dixo que a ordenanza do Ges viña en este pleno ordinario, nin neste nin nos dous anos que pasaron, sen traelo a pleno, cantos cartos perdemos? Falando do Ges se dixo que se ian cubrir baixas e se queixan de que non se cubran. A min como voceira me deu unha explicación porque non se cubran as baixas por paternidades ou enfermidade, é dicir ata agora non se cubre ningunha traballan pais os compañeiros.

O Sr. Español Otero di que se contestará por escrito. Teño un borrador pero é mellorable e non se trouxo.

2.- Quero unha explicación da concelleira de Asuntos Sociais porque non está sobre a mesa a ordenanza de emerxencia social, teremos que seguir levantando reparos suspensivos, Hai concellos veciños que en dous meses a aprobaron.



O Sr. Alcalde di que no Concello con servizos sociais non se consegue avanzar. Os traballadores peréceme que teñen problemas polo volumen de traballo. Estase traballando para reforzar o Concello con persoal.

3.- Pedí uns badens para la calle Coruto Viejo en el pasado pleno ¿hai intención ou non de facelo?

O Sr. Rodríguez González di que non hai petición. Non consta a demanda.

4.- Pido explicacións ao alcalde porque no se me contestan as preguntas, por exemplo a de quen deu a orden de cortar dous follas de un libro e por outras, quen mandou a eses funcionarios que neste concello fixeran ese traballo que se fixo como podo demostrar, xa que teño ambos libros.

5.- Non se me contestou a unha pregunta sobre as actividades a realizar ca Asociación do Alzheimer, outros concellos están a facelas, e aquí se aprobou unha moción para colaborar, e non se está a facer nada., por favor ontesten.

6.- A limpeza dos contenedores, temos todos os días queixas sobre esta cuestión (esta mesma mañan), nos pode contestar cada canto tempo se limpan? Con qué criterio?

O Sr. Rodríguez González contesta a esta cuestión.

7.- Aínda que xa se falou nalgunha comisión, me gustaría saber porque non se licita a cafetería do Pasaxe, cando hai persoas interesadas, estamos a perder cartos o concello unha vez mais.

8.- Sobre o tema da guardería, estou de acordo co que dixo Antonio, pero creo que falta unha cousa. Creo que nesa reunión lle dixeron que neste momento se está regularizando a situación porque hai unha serie de débedas de concellos polo paso que houbo da Xunta ó Consorcio, pero a parte hai un acordo coa FEGAMP e a FEGAMP decidirá qué concellos terán novas guarderías. ¿Quería saber se eso foi así?

O Sr. Alcalde di o que nos dixeron é que aínda non habían empezado a incorporar novos concellos porque falta regularizar a deuda dos concellos que tiñan xa Galiña Azul, que algúns non habían pagado nada dende que abriaran. Incluso coa intención de condonar a deuda dalgúns concellos, perxudicando aínda máis a concellos como o noso, cousa que eu lles trasladei que non me parece nada ben. Nas dúas reunións falei diso porque me parece un agravio comparativo.

9.- Pasa igual coa Consellería de Sanidade, creo que na última reunión tamén dixeron que agora o sistema vai a ser a través dun acordo coa FEGAMP. Penso que coa FEGAMP hai boas relacións da presidencia.

O Sr. Alcalde di é verdade que tiven unha reunión coa consellería de Sanidade. Isto foi así sempre, os concellos de Galicia transfiren os centros de saúde á consellería de Sanidade fruto dun convenio entre a FEGAMP e a Xunta. Quero ter todos os papeis en regra, e falar co presidente da FEGAMP, co conselleiro outra vez, e tamén cando me reciba o Presidente da Xunta, que lle teño pedido cita, tamén lle falo disto.

ROGOS



- Revisión de carteis de rúas na Guarda, faltan en moitas rúas
- Rogo se revisen as beirarrúas na Gándara, que hai moitas queixas polo seu mal estado.
- Colocar un espello na curva do Convento.
- Arranxen o parque de Laxe Grande, a varanda e os columpios.
- Cerren dunha vez ao tráfico, aos non residentes, a rúa do Porto.
- Arranxen as beirarrúas da rúa O Rosal, na zona das vivendas do muíño, so o fixeron parcialmente.
- Arranxar a Wifi Navegaguarda en toda a vila.
- Coloquen unha marquesiña na parada do bus escolar en Donantes de Sangre.
- Arranxen as arquetas e canalizacións da senda Azul, debaixo do colexio Solanas.
- Poñan en funcionamento tódalas luces da farola da praza de Avelino Vicente.
- Limpar a pedra da fonte dos chanfreiros e lle den servicio de auga.
- Repoñan os vidros na marquesiña de Fontequente.
- Coloquen unha barandilla pasando a capela, onde a casa do Tante.
- Repoñan a placa na piscina.
- Colocar xuntas de caucho nas tapas das alcantarillas para evitar ruidos por golpes.
- Arranxen os espellos deteriorados en diversas rúas da vila.
- Arranxar as baldosas rotas das beirarrúas, como as de diante do Froiz.
- Revisen as farolas, moitas están fundidas ou teñen os cristais rotos ou caíndose.
- Revisar e limpar as arquetas de toda a vila, moitas están cheas de terra.
- Reparar pavimento en Brasilino Álvarez, Pacífico Rodríguez e Secundino Melón.
- Instalen sinais de limitación a de camións de gran tonelaxe por Pacífico Rodríguez.
- Limpen a farola de diante da fonte do Castro, está chea de hedras.
- Poñan un espello a altura da parada do bus e outro frente a casa do Outeiro.
- Limpen a maleza dos camiños do Castro.



- Poñer en servizo a fonte dos Merillóns.
- Adecentar a rotonda da VAC.
- Arranxar as losetas das beirarrúas na Gándara.
- Barrer as rúas da Gándara de cando en vez.
- Limpar a maleza dos camiños públicos.
- Limpeza e arranxo de barandas da senda de diante do camping.
- Colocar badéns reductores de velocidade na rúa Coruto Vello.
- Limpar as hedras da farola da Armona.
- Arranxen o muro agretado na ponte ao lado da igrexa.
- Regularizar o pavimento con formigón na 1ª trv. Salgueiró.
- Coloquen máis papeleiras e sistemas de retención de contedores en Camposancos.
- Que limpen o parque infantil da Armona e repoñan os columpios.
- Limpar a maleza das beirarrúas Irmáns Galdó.
- Coloquen un espello no cruce da saída dos asteleiros coa Estrada do pasaxe, diante dos xesuitas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás vintetrés horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como secretaria, dou fe.